



CONCELLO DE BEGONTE

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVÍS.

Preámbulo

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e xóvenes á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na Comunidade e participes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Artigo 1.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente regulamento a creación no Concello de Begonte dun Rexistro municipal, de carácter administrativo, onde poidan inscribirse voluntariamente os acollementos civís previamente celebrados neste Concello que sexan solicitados seguindo o procedemento que se estipula no presente regulamento.

No acto de celebración, que será presidido polo alcalde-Presidente ou concellerio/a na que se delegue, procederase á lectura ós nenos/xóvenes, pais/titores da declaración dos dereitos do neno proclamada pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 1386 (XIV), de 20 de novembro de 1959. Asimesmo os pais/titores e padriños formularán compromiso de educalo neno/xoven segundo os principios que se recollen no anexo nº 2 deste regulamento.

Artigo 2.- Réxime Xurídico

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, ríxese polas presentes normas que, con carácter complementario, se poidan dictar.

A inscrición neste rexistro non terá en ningún caso calificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa dos acollementos civís que se realicen no Concello de Begonte.

Artigo 3.- Requisitos para a inscrición

3.1.- As inscricións realizaranse previa solicitude dos pais ou titores, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- Que os inscritos sexan nenos ou xóvenes menores de idade.
- A condición de pais ou titores dos solicitantes,
- Que os solicitantes figuren empadroados no concello de Begonte.

3.2.- O cumprimento dos requisitos anteriores quedará acreditado da seguinte maneira:

- Para os dous primeiros requisitos, coa presentación do libro de familia ou do documento acreditativo da titoría (certificación de nacemento do menor).
- Para o terceiro requisito coa presentación dos certificados de empadroamento dos pais/titores (ámbolos dous).

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ó presente regulamento.



CONCELLO DE BEGONTE

A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ós que se refire o artigo 3.2 poderá presentarse con orixinais, copias auténticas ou compulsadas conforme á legislación vixente.

Artigo 4.- Libro de Rexistro

4.1.- O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da secretaría e de alcaldía. Ó comezo e ó fin do mesmo estenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.

4.2.- O libro de rexistro municipal non ten carácter público, expedíndose certificacións dos seus asentos exclusivamente a instancia de calquera dos solicitantes (pais ou titores), dos inscritos, unha vez acadada a súa maioría de idade ou dos xuíces ou tribunais de Xustiza.

4.3.- Nos asentos correspondentes incluíranse os seguintes datos:

- a) Nº de inscrición.
- b) Lugar e data de celebración da cerimonia.
- c) Respecto do menor acollido: nome, apelidos, enderezo e data de nacemento.
- d) Respecto dos pais ou titores: nome, apelidos, enderezo e DNI.
- e) Respecto dos padriños: nome, apelidos, enderezo e DNI.
- f) Lugar e data da inscrición.

4.4.- Crearanse libros auxiliares que sexan adecuados para o mellor funcionamento do rexistro.

Disposición Derradeira

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, e transcurrido o prazo no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das bases sobre o réxime local.



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTO CIVIL.

Don, con DNI nº e enderezo en; e D^a..... e enderezo en, empadroados ambos no concello de Begonte,

EXPOÑEN:

1.- Que como pais/titores do menor, desexan que unha vez celebrado o acto de acollemento civil anterior, sexa inscrito este acontecemento no Libro de Rexistro de Acollementos Cívís do concello de Begonte.

2.- Que reúnen tódolos requisitos esixidos no artigo 3 do regulamento do Rexistro de Acollementos Cívís, aprobado inicialmente por acordo plenario de data, e publicado no Boletín Oficial da Provincia, acreditados coa seguinte documentación:

a) Copia compulsada do libro de familia ou do documento acreditativo da titoría (certificación de nacemento do menor).

b) Certificado de empadramento.

En base ó anterior SOLICITAN:

Que unha vez celebrado o acto de acollemento civil do menor, sexa inscrito este acontecemento no Libro Rexistro de Acollementos Cívís do concello de Begonte.

Begonte, a de do 200.....

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE.